



# As actas da IV Asemblea Nacionalista e a escisión das Irmandades da Fala (Monforte, 1922)

XESÚS TORRES REGUEIRO\*

## Sumario

Publicanse e analízanse as actas da IV Asemblea Nacionalista (Monforte 1922), das que existe copia no Arquivo Municipal de Betanzos, ao tempo que se estuda o efecto que tivo a devandita asemblea na escisión das Irmandades da Fala, así como os antecedentes e avatares da mesma refletidos no epistolario do poeta Manoel-Antonio.

## Abstract

Analyzed and Published the proceedings of the fourth Nationalist Assembly (Monforte 1929), of which there is a copy in the Municipal Archive of Betanzos, while studying the effect that this had on the meeting excision in the Irmandades da Fala, as well as the history and vicissitudes of the reflected in the epistolary of the poet Manoel-Antonio.

## PRELIMINARES

No mes de febreiro do ano 1922 tivo lugar na cidade de Monforte de Lemos a IV Asemblea Nazionalista das Irmandades da Fala que supuxo a escisión das Irmandades da Fala en dúas tendencias.

Cando realicei o meu estudo sobre a Irmandade da Fala de Betanzos (publicado no *Anuario Brigantino* de 1992), no fondo documental do Arquivo Municipal de Betanzos (AMB) tiven acceso a unha copia das actas desta Asemblea, tan importante para o posterior desenrolo do nacionalismo galego que se mantivo desunido durante case unha década. Tense falado moito desta Asemblea escisionista, mais penso que case ninguén<sup>1</sup> coñece o contido exacto das actas, pois non foron publicadas que eu saiba, nin os principais estudosos do fenómeno das Irmandades da Fala se referen a elas, citando os acordos pola prensa, que aínda que nalgún caso recollan fielmente os acordos adoptados en Monforte (como pode ser o órgano irmandiño *A Nosa Terra*), non o fan coa exhaustividade das actas, así como certos detalles recollidas nestas que non se reflectiron nas crónicas xornalísticas.

Como naquel meu traballo citado, utilicei as devanditas actas mais non as reproducín completamente, aproveito agora a conmemoración do centenario da fundación das Irmandades da Fala para dalas a coñecer, reproducíndoas facsimilarmente, ao tempo que fago unha análise daquela Asemblea e o reflexo que esta, os seus prolegómenos e consecuencias, tivo na correspondencia do poeta Manoel-Antonio, un dos asistentes.

---

\* **Xesús Torres Regueiro** é betanceiro e autor de varios libros e numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos destes publicados no *Anuario Brigantino* dende 1983.

1. Manuel Maria falou delas nun artigo, logo de terlle eu facilitado copia, criticando a escasa memoria de Monforte: «A memoria perdida de Monforte», en *El Correo Gallego*, 3-XI-1991.

O 18 de maio de 1916 (hai agora cen anos), Antón Villar Ponte, quen viña de publicar o folleto *Nacionalismo Gallego. Nuestra afirmación regional*, convocaba a un grupo de persoas do mundo cultural e artístico da Coruña da que saíu constituída a primeira «Hirmandade dos Amigos da Fala Galega», xerando un movemento que había ter fonda repercusión social, cultural e política na historia galega contemporánea. Pouco despois terá lugar a creación da Irmandade de Santiago, animada polo profesor Porteiro Garea, quen pronuncia un discurso no acto inaugural que vai ter inmediata repercusión no incipiente movemento. Alén do obxectivo de recuperación do idioma, Porteiro propón outro máis amplo, concretado na defensa da personalidade de Galicia e da súa recuperación económica, social, política e cultural, adoptando un planteamento de trasfondo nidiamente político.

Pasenñamente vanse ir constituíndo Irmandades da Fala nas cidades e vilas máis importantes de Galicia: no mesmo 1916, en Monforte, Ourense, Pontevedra e Vilalba; no 1917, en Ferrol, Vigo, Mondoñedo e Betanzos. Novos núcleos seguirán a organizarse, aínda que ben desemeñantes en significación e importancia, tanto en número de asociados como en actividade e estabilidade. Tamén se constituirán na emigración, en Madrid, Bos Aires e A Habana.

Dende o 14 de novembro de 1916 as Irmandades dotaranse dun boletín, *A Nosa Terra*, «Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'America e Portugal», se ben controlado en todo momento pola Irmandade coruñesa. Será un órgano unilingüe - ata a publicidade será en galego-, en principio decenal, logo quincenal e mensual, segundo as vicisitudes.

Os días 17 e 18 de Novembro de 1918 ten lugar en Lugo a I Asemblea Nacionalista con asistencia de máis de sesenta asembleístas en representación de todas as Irmandades, sociedades agrarias, centros culturais, e recibíndose a adhesión dalgunhas federacións agrarias, Concellos, asociacións diversas e particulares. Os obxectivos acordados nesta Asemblea -recollidos nun Manifesto dirixido «Ao pobo galego»- constitúen na práctica un auténtico programa político alternativo que marcará a pauta política do nacionalismo ata os anos trinta.

Os irmáns da fala rexeitan o termo «rexionalismo», que ficara ambigüo e desprovisto de contido, e dan un paso adiante na formulación do seu movemento, reclamándose nacionalistas nunha declaración previa á exposición dos seus obxectivos:

Tendo a Galicia total-as características esenciaes de nazonalidade, nós nomeámonos, de oxe pra sempre, nazonalistas galegos, xa que a verbe 'rexionalismo' non recolle total-as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

Posteriormente, as organizacións nacionalistas celebrarán Asembleas en Santiago, no 1919, e Vigo, en 1921. Mais, será na IV Asemblea, celebrada en Monforte en febreiro de 1922, cando as Irmandades (que tamén utilizan tacticamente o nome de Partido Nazonalista Galego) enfronten as estratexias diferentes que se debaten no seu seo ata o punto de darse unha escisión nas mesmas: dun lado a Irmandade da Coruña (a máis numerosa e unha das máis activas), e doutro a Irmandade Nazonalista Galega (ING), que agrupa a case todas as outras existentes nese momento.

## ENFRONTAMENTO

Aínda existindo unanimidade nos obxectivos a acadar, dende moi cedo vanse perfilando nas Irmandades da Fala dúas estratexias diferentes. Dunha banda os partidarios da participación electoral, doutra os contrarios a ela e aos pactos cos partidos españois. Estes dous sectores nucleáanse arredor da Irmandade da Coruña, os «políticos», e do grupo de Ourense, alcumados de «culturalistas». A estratexia a seguir para este sector sería a formación dunha grande forza política nacionalista que a través da propaganda e da concienciación chegara algun día a ser hexemónica en Galicia coa forza suficiente para esixir do sistema centralista un autogoberno para Galicia.


As diverxencias estratéxicas no seo das Irmandades agudizaranse en vísperas de convocatorias electorais. Algunhas Irmandades parecen agardar por quen se decantar, caso da de Betanzos, por exemplo. Na III Asemblea Nacionalista (Vigo, 1921) non se toman decisións sobre a polémica de fondo e a diverxencia segue latente. En tanto Risco vai gañando posicións no nacionalismo. Persoeiros destacados das Irmandades como o fundador Antón Villar Ponte e o seu irmán Ramón, Xaime Quintanilla, Castelao, Otero Pedrayo, Lousada Diéguez.... seguen a liña de Risco. O seu prestixio é xa moi forte entre os nacionalistas, sobor de todo a raíz da publicación da súa *Teoría do nacionalismo galego*. O boletín *A Nosa Terra* do 15 de xaneiro de 1922, nº 155, daba conta na portada de que Antón Villar Ponte deixaba a dirección do boletín, na mesma páxina en que Castelao se preguntaba a través dun paisano retratado pensativo: «¿Será este o ano noso?»

A nota, asinada por Francisco M. Balboa, Conselleiro primeiro da Irmandade coruñesa, decía o seguinte:

Antón Villar Ponte

Despois de unha labor de varios anos en que puxo toda a ideoloxía da nosa Santa causa neste boletín, Antón Villar Ponte presentou a súa dimisión de director de «A Nosa Terra». Dende hoxe un Consello de Redacción composto de prestixiosos literatos e entusiastas irmáns, redactará este boletín que recibirá a inspiración d' esta e demais Irmandades de que é orgo. Fólganos dicir que o gran periodista, noso irmán Villar Ponte, sigue sendo un dos mais fortes paladíns do Nacionalismo gallego, no que pon toda a súa alma e seu amor a esta Terra gallega pol-a que ven traballando con unha fe incansable que debe servir de exemplo a todos os nazionalistas.

Cómpreme facerlle a xusticia de estampar estas verbas que expresan o noso sentir.



O «Programa nazonalista»  
A Nosa Terra, 15-VII-1921

Na IV Asemblea Nacionalista (Monforte, Febreiro de 1922) a escisión das Irmandades é un feito. Acordarán pasar a chamarse I.N.G. (Irmandade Nazonalista Galega), coas súas correspondentes delegacións locais, non sendo a Irmandade da Coruña, a máis numerosa, que seguerán a manter o seu nome en aberta oposición á liña liderada por Vicente Risco.

### CONVOCATORIA DA IV ASEMBLEA

O Consello permanente das Irmandades acordou celebrar en Monforte a IV Asemblea Nacionalista os días 18, 19 e 20 de febreiro. Tres eran os puntos a tratar, por esta orde: 1º Plan de organización definitiva das Irmandades da Fala e do Partido Nacionalista Galego. 2º Plan completo de propaganda nacionalista. 3º Plan de estudos a realizar polas Irmandades.

O Consello aprobara un regulamento polo que se rexería a Asemblea que contemplaba sete artigos. O primeiro recollía quen podería concorrir a ela con voz e voto: Os membros do Consello Permanente, os persoeiros das Irmandades e os irmáns que residan onde non houbera Irmandade e que concorriran ás Asembleas anteriores e asinado as actas das mesma.

O segundo artigo indicaba que cada Irmandade podería enviar á Asemblea ate tres persoeiros con voz e voto, tendo tres votos calquera que fose o número de persoeiros que mandase, que terían que ir provistos das correspondentes credenciais.

Non se permitiría a entrada ao que non fose membro dunha Irmandade ou non fose asinante nas Asembleas anteriores.

O artigo terceiro establecía que somente se tratarían os asuntos fixados na orde do día. Para tratar outros tiñan que solicitalo á mesa alomenos cinco persoas e a Asemblea decidiría se se trataban ou non.


O artigo cuarto indicaba que de cada punto da orde do día só poderían falar dous asembleístas a prol e dous en contra, someténdose logo a votación.

O artigo quinto indicaba que a Asemblea estaría presidida polo Consello Permanente para o exame de credenciais e logo pola mesa que se elixiría.

O artigo sexto acordaba que das sesións da Asemblea levantariase acta polo secretario, que asinarían todos os asistentes. Unha asistencia que, co sistema de representación non proporcional, reducíase moito con respecto a anteriores asembleas. Sen embargo a copia das actas que consultamos só ten a sinatura de Risco e do secretario Noguerol.

Por último, o artigo sétimo indicaba que os irmáns residentes onde non había Irmandade e concorriran a Asembleas anteriores terían que solicitar as súas credenciais ao Consello Permanente.

O regulamento e a orde do día foron publicados no número de A Nosa Terra correspondente ao 15 de febreiro, co tempo moi xusto para que os «irmáns isolados» solicitasen a acreditación requerida.



AMB, fondo Irmandade da Fala (caixa 3271): Documento asinado polos membros do Directorio convocando á IV Asemblea.



*Fotografía tomada nos días da IV Asemblea das Irmandades en Monforte de Lemos, nas escaleiras do convento de San Vicente do Píno. De abaixo arriba e de esquerda a dereita: no primeiro banzo Castelao, Arturo Noguerol, Antón Losada Diéguez, (?); no seguinte, Lois Peña Novo, Antón Villar Ponte, Roberto Blanco Torres, Ramón Otero Pedrayo, Afonso Vázquez Monxardín; no 3º banzo, Manoel Antonio, Manuel Lustres Rivas, Ramón Villar Ponte, (?).*

#### AIV ASEMBLEA: MONFORTE DE LEMOS, FEBREIRO DE 1922

A IV Asemblea Nacionalista celébrase en Monforte de Lemos os días 18, 19 e 20 do mes de febreiro de 1922, no salón de sesións da Casa do Concello.

A razón de celebrarse en Monforte esta asemblea parece que ten que ver co feito de ser daquela un importante nó ferroviario, cousa que facilitaba o desprazamento dende moitos puntos de Galicia e a asistencia á mesma. A Irmandade local (creada o 15 de xuño de 1916, unha das primeiras pois) non atravesaba os mellores momentos, aínda que o notario Banet Fontenla, relevante persoeiro da vida local, podía facilitar a celebración da asemblea na cidade monfortina. De feito, o Concello cedeu os seus salóns para a mesma e tamén o Casino local (do que Banet debía ser membro) cedeu o seu local para as conferencias que se impartiron.

#### Os asistentes

Na acta da primeira sesión aparecen citadas dezanove persoas en representación das distintas Irmandades e grupos, e catro que constituían o Directorio ou órgano de dirección. Posteriormente incorporáronse máis asembleístas: Manuel Banet Díaz (fillo de Banet Fontenla), Xosé Calviño, Otero Pedrayo, Antón Sánchez, Montes, Enrique Peinador e Villot, o que nos dá un total de trinta persoas citadas nas actas.

Pola súa parte, *A Nosa Terra* na súa crónica da asemblea cita os nomes de vinteunha persoas (3 de Ferrol, 3 de Pontevedra, 7 de Ourense, 4 da Coruña e unha das localidades de Vigo, Mondariz, Rianxo, así como un representante da Arxentina) ademais de indeterminados «numerosos irmáns do mesmo Monforte».



*Placa lemnatoria da Asemblea das Irmandades na antiga Casa do Concello de Monforte de Lemos. Fotos do autor.*

### 1ª sesión

O sábado 18 de febreiro ás catro e media da tarde comeza a primeira sesión da «Asembleira Nazionalista» presidida por un Directorio constituído por Banet Fontenla, Farruco E. Balboa, Vicente Risco e Antón Villar Ponte. O primeiro da Irmandade de Monforte, o segundo e o cuarto da da Coruña e o terceiro da de Ourense. Nun primeiro momento comparecen, ademais dos membros do Directorio, dezanove persoas: Euxenio Charlón, Ramón Villar Ponte e Xaime Quintanilla, pola Irmandade de Ferrol; Roberto Blanco Torres, Farruco Lamas e Arturo Noguerol pola Mocidade Galeguista de Ourense; Manuel Lustres Rivas, pola Mocidade Galeguista de Vigo; Manoel Antonio por Rianxo; Castelao e Lousada Diéguez por Pontevedra; Lois Peña Novo pola Irmandade da Coruña; Xesús Peres Fernández, Castor Cornide e A. Rodríguez Somoza, por Monforte. Estas Irmandades e grupos galeguistas debían ser os máis activos nese momento. O asistente que completaba os dezanove assembleístas é Carlos Quiroga, en representación de Córdoba (Arxentina), cousa que nos chama a atención. Quizáis fose un emigrante activista na Arxentina que se atopaba de viaxe en Galicia. Manoel Banet Díaz, fillo de Banet Fontenla, e o coruñés Xosé Calviño tamén aparecen citados máis non debían ter dereito a voto.

Formouse unha mesa presidencial constituída por Risco, como presidente da mesma; Antón Lousada, como vicepresidente; Arturo Noguerol, como secretario e Manoel-Antonio, como vice-secretario.

Tómaselles xuramento aos irmáns que non o fixeran nas anteriores Asembleas: os de Monforte, o de Arxentina, Castelao (cando a Asemblea de 1921 estivera de viaxe de estudos por Europa, aínda que na de 1918 si estivera presente), Manuel Banet Díaz e Xosé Calviño. Antón Villar Ponte traía a representación de Evaristo Correa Calderón, de Lugo, e Risco a de Enrique Peinador, de Mondariz. A Asemblea decide que os ausentes non teñan voto.

Balboa pideu a palabra para propor unha «custión incidental», segundo a acta, que non o era tanto: Pregaba á Asemblea que acordase que todas as entidades nacionalistas acatasen o regulamento das Irmandades aprobado en anteriores asembleas. Expoñense criterios diverxentes, sobre o que se entende por partido nacionalista e por Irmandade, se todas as entidades nacionalistas debían ter a mesma denominación ou respectar as actuais. A discusión ampliouse con participación de case todos os assembleístas. Despois dun breve descanso, reanúdase a sesión someténdose a votación a proposta de Balboa, formulada deste xeito pola presidencia:

«Primeira.- Que as entidades nazionalistas teñan o mesmo regramento.

Segunda.- Que sirva de base para o mesmo o regramento da Irmandade da Coruña.»

Apróbase a primeira por unanimidade, coa abstención de Banet Fontenla, e desbótase a segunda «por quince votos contra os votos dos irmáns da Coruña». Algúns dos presentes tivo que absterse para que cadren as contas.

Os delegados de Ferrol e Ourense traen propostas. A Irmandade de Ferrol propón que as organizacións nazionalistas existentes e as futuras que se organicen constitúan un único organismo co nome de ING, considerando as organizacións locais como Delegacións da mesma. A Asemblea aprobouna por unanimidade, na intelixencia de que as delegacións conservaran a súa personalidade xurídica e a autonomía do seu réxime interno.

Discútese a continuación os fins que ha ter a ING acordándose non facer manifestacións respecto ás formas de goberno, e sintetizándose as opinións na proposición seguinte, aprobada tamén por unanimidade:

«O fin da ING será a formanza da concenza nazional galega e porcurar realizar os fis indicados nas asembleas celebradas e que se celebren.»

A dirección do novo organismo acordouse por unanimidade do seguinte xeito: A autoridade suprema recaía na asemblea, que se celebraría anualmente. Entre asembleas a autoridade desta ficaba delegada nun Conselleiro supremo, elixido pola mesma, reelegíbel e que rendería contas da xestión diante da Asemblea. O Conselleiro supremo podería nomear conselleiros auxiliares (a proposta de Lousada Diéguez) se ben toda a responsabilidade recaía nel. A Asemblea podería reunirse extraordinariamente cando o acordase o Conselleiro supremo ou cando o solicitasen a maioría das delegacións.

## 2ª sesión

Ás nove da noite suspendeuse a primeira sesión, reanudándose ás once a segunda para debater a composición da Asemblea, con cea por medio, supoñemos. Esta estaría constituída polos representantes das Delegacións ata un número de 3 con dereito a voz e voto, independentemente do número de membros que tivese ou enviase. Estes representantes serían eleitos pola Delegación.

O Conselleiro Supremo presidiría a Asemblea e sería o encargado de expedir os imprescindíbeis carnets de identidade nazionalista e de visalos todos os anos. O carnet custaría cinco pesetas e pagaríanse tamén outras cinco polo visado anual.

Centralismo férreo: ningún irmán nin Delegación podería adoptar iniciativas sen permiso expreso e escrito do Conselleiro Supremo. As relacións entre as Delegacións serían tamén por intermedio do Conselleiro Supremo. Este enviaría copia da acta cos acordos a todas as Delegacións e irmáns isolados, que terían que enviar conformidade expresa de todos os acordos tomados na Asemblea no prazo máximo de quince días, entendendo que a Delegación ou irmán que non o fixera deixaba de pertencer á ING

Tratouse dos medios económico que tería o Conselleiro Supremo, acordándose dedicar para iso os ingresos dos carnets e as subscricións voluntarias. A Irmandade de Ferrol propón que cada Delegación contribúa mensualmente co dez por cento do que recaude e que a que tivese en descuberto dous meses antes da celebración das Asembleas non tivera voz nin voto nelas. Discútese o tema Levantouse a sesión «Pol-a hora avanzada».

**3ª sesión**

O domingo 19 de febreiro ás once e media da mañá deu comezo a terceira sesión.

Debateuse unha proposta da Irmandade de Ferrol respecto á orientación política do nacionalismo sobre a que houbo tres posicións: a dos partidarios do apoliticismo absoluto, a dos partidarios do apoliticismo eleitoral e a dos partidarios da participación política en todas as súas manifestacións.

Balboa, membro da Irmandade da Coruña, propuxera previamente que non se discutira este tema, rexeitándose a súa petición. A opinión case unánime foi de «que por ser un problema moi circunstancial os acordos non deberían ser ausolutos». Ficou pendente para a sesión da tarde.

**4ª sesión**

Comezou ás catro da tarde, continuando o debate sobre a orientación política. A Irmandade de Ferrol declarouse partidaria do apoliticismo, mentres que a da Coruña defendeu a intervención política. Despois de ampla discusión adoptouse o acordo de que a ING non tomara parte activa en eleccións presentando candidatos sen acordo da Asemblea.

A continuación debateronse dúas propostas urxentes por térense que ausentar algún asembleísta (quizá a causa das conferencias que terían lugar despois): Unha para elixir o Conselleiro Supremo, nomeando por unanimidade —a proposta de Antón Lousada— a Vicente Risco. Outra para designar o lugar da próxima asemblea, acordando que fose a Coruña.

Por se o acordo da intervención política non ficara ben claro, aprobouse outra resolución a proposta dos representantes de Ferrol e Ourense, no sentido de que ningún irmán podería tomar parte nas eleccións, nin como candidato nin axudando a outros candidatos ou candidatura algunha, sen autorización do Xefe ou da Asemblea.

Ademais, a proposta de Castelao, Lousada e Blanco Torres, aprobouse, un pouco contradictoriamente co anterior, que «todo nazonalista estará na obriga de votar sempre a un nazonalista e no caso d'unhas eleucios xeneraes nas que non interveñamos directamente os votos en todol-os distritos seran pr'o Xefe».

Por último púxose a discusión a proposta da Irmandade da Coruña no sentido de que a ING podería soste intelixencias oficiais coas demais organizacións políticas de Galiza para a resolución daqueles problemas e propaganda daquelas ideas coincidentes. Despois de ampla discusión aprobouse coa maioría dun só voto.

Pola noite houbo no Casino monfortino unhas conferencias de afirmación nacionalista.

**5ª sesión**

Tivo lugar o luns 20, comenzando ás catro e media do serán, xa que pola mañá non houbo sesión, reducíndose a asistencia coa marcha de nove asembleísta: Balboa, Castelao, Lousada Diéguez, Blanco Torres, Quiroga, Otero Pedrayo, Antón Sánchez, Montes e Villot. En troques rexístrase a chegada de Enrique Peinador.



*Vicente Risco, líder da ING  
caricaturizado por Lamas.  
Céltiga, Bos Aires, 1924.  
Céltiga, nº 26, Bos Aires,  
25-I-1926.*



A proposta de Quintanilla aprobouse como cuestión formal e simbólica que en futuras asembleas os conselleiros estean arredrados do resto dos assembleístas.

En relación coa propaganda, a Irmandade de Ferrol propón que todas as Delegacións editen un Boletín mensual, como xa ven facendo ela. Noguero propón que teñan unha única cabeceira e formato. *A Nosa Terra* convertíriase no órgano oficial da ING e o seu director sería nomeado polo Conselleiro Supremo, é dicir por Risco, único responsable da súa orientación e dirección.

Á pregunta de Ramón Vilar sobre cantos membros son necesarios para constituir unha Delegación acórdase que un só membro isolado pode formar Delegación, ficando obrigado a cumprir todas as obrigas dunha Delegación; en caso de non poder afrontar tais obrigas pode constituir unha Subdelegación.

Apróbbase por maioría a proposta de Antón Vilar, Manoel-Antonio e F. Lamas declarando incompatíbel a afiliación nacionalista con calquer outra filiación política. Lois Peña Novo posiciónase en contra estimando que a incompatibilidade debe ser con disciplinas políticas. Este propón tamén, e aprobouse, que os nacionalistas poden pertencer á redacción de calquer periódico, se ben nas colaboracións gratuitas na prensa galega están obrigados a facelas en galego, quizais en alusión aos Villar Ponte, Blanco Torres, Lustres Rivas e outros xornalistas.

Adóptanse acordos sobre unha ambiciosa propaganda nacionalista: entre os cregos, facer un catecismo en galego, propaganda nos sobros, editar o plan pedagóxico de Risco, facer a historia do nacionalismo, propaganda na universidade, reforma do regramento notarial e traballar a prol de que os funcionarios xurídicos e os notarios teñan a obriga de coñecer o galego...

En canto á financiación da organización, que xa se comezara a tratar na segunda sesión, acórdase que as delegacións pasarán ao Conselleiro Supremo o dez por cento dos seus ingresos totais, na primeira decena de cada mes e con arreglo, ficando sen dereito a representación na Asemblea se tiñan un descuberto de dous meses. Pola súa banda, os «irmáns» isolados contribuirían cun peso mensual para os gastos do Conselleiro, a non ser que pertencesen a unha subdelegación; nese caso pagarían a cota fixada.

Acórdase facer un concurso para o himno da ING e tamén que o Conselleiro Supremo levará un rexistro oficial de «todol-os nazonalistas galegos do mundo con toda cras de datos».

*A Nosa Terra* deu cumprida información da IV Asemblea no número do 1º de marzo de 1922. No boletín fálase de tres sesións, unha por cada un dos días que durou a Asemblea, mentres que as actas reférense a cinco sesións, diferenciando as da mañá das da tarde.

O boletín irmandiño tamén se refere a «Unhas conferencias e un mitin» que tiveron lugar no marco da Asemblea. As conferencias de propaganda nacionalista que impartiron no Casino-Liceo de Monforte os irmáns Castelao, Risco, Quintanilla, Noguero e Peña Novo. E o mitin no Teatro Principal, «completamente abarrotado», que se realizou ao remate da Asemblea e no que falaron Banet Fontenla, Antón Villar Ponte, Noguero, Peña Novo, Quintanilla e Risco.



*Manoel-Antonio  
por Cebreiro.*

## OS AVATARES DA IV ASEMBLEA A TRAVÉS DO EPISTOLARIO DE MANOEL-ANTONIO

Na «Correspondencia» do poeta Manoel-Antonio (quen neste momento é apenas un mozo de vintedous anos) hai varios comentarios sobre a Asemblea de Monforte en cartas de ou aos seus amigos nacionalistas: Cebreiro, Antón Villar Ponte, o seu curmán Roxelio...<sup>2</sup> Así, nunha carta a Álvaro Cebreiro, datada o 8 de febreiro en Asados-Rianxo:

Vexo dificultoso o ir á Asamblea; de todos os xeitos, como penso facer todo esforzo doado ó caso, agradecería-che que me dixeses si unha invitación firmada pol-o Directorio que recibín abonda pra ir á Asamblea ou si é preciso reclamar unha credencial a que fai alusión a invitación y-o Regramento. (Correspondencia, páx 151)  
Na resposta (con mataselos 14-febreiro-22), Cebreiro dille:

Preguntabas-me na tua derradeira o que facía falta para ir á Asemblea. Eu non sei se hei-ir. Se teño cuartos vou. Creio que hai que lle pedir ao directorio una autorizacion. Mais como ahí non hai «Irmandades» podes ir de todos xeitos. (o.c. pax 157)

Mais, con anterioridade, nunha carta de Cebreiro sen data, probablemente de comezos do ano 1922, este dalle a súa versión sobre as diferencias que existen na Irmandade coruñesa, que rematarán co apartamento de Antón Villar Ponte da dirección de *A Nosa Terra*:

O que pasou na Irmandade vou a che-o contare en umas liñas. Convocaron a una reunión con objeto de atraer aos que se habían alonxado e o día que dita reunión (xuntanza) celebrouse todos os señores «cuota 1 peseta» escomenzaron a insultar aos Villar Ponte pregandolles que deixaran a Nosa Terra. Ti que ja coneces esta gente, poderás maxinar o que foi. Eu non falo mais de esto porque da-me noxo. Eiquí hai dois grupos. Os «nacionalistas industriales» *todos los demas*, e o Villar Ponte, Viqueira e eu. (o.c., pax 141-142).

En carta do 3 de xaneiro de 1922 o propio Antón Villar Ponte, acusando recibo doutra anterior, expresáballo ao poeta rianxeiro a súa xenreira contra os vellos irmandiños coruñeses, «estes vellos que nos odian poque representámol-o espírito novo...»:

Na Irmandade, xa sabe o que me fixeron, porque llo terá dito o Cebreiro. Non había que agardar outra cousa d'unhos horteiras analfabetos. A culpa foi miña pol-os querer erguer deica mín. Pro adiante. «A Nosa Terra» xa verá que da noxo. Fanna tres vellos: Vaamonde, Lugrís e Carré, que suman xuntos mais de tres séculos e poden ter biznetos, non sabendo ningún d'eles que é o nazionalismo e non tendo feito ningún profesión de fé nazionalista. Dito isto, ¿pra que falar mais?... (o.c. pax 146).<sup>3</sup>

<sup>2</sup> Manoel-Antonio: «III. Correspondencia» (Edición, limiar e notas de Domingo García-Sabell). Editorial Galaxia, Vigo, 1979. Unha vez redactado este texto, vén de aparecer dentro da *Obra completa* de Manuel Antonio o volume III dedicado a «Epistolario», con edición e notas de Xosé Luis Axeitos Agrelo («Clásicos da Academia», Fundación Barrié-Real Academia Galega, 2015), que amplía e corrixe o corpus da *Correspondencia* editada por García Sabell, aínda que apenas rexistra cambios nos treitos das cartas que aquí se citan, polo que manteño a citación por esta. Pola contra, esta nova edición non recolle dúas cartas que aquí se citan: unha de Roxelio Pérez, sen data máis de 1922, e outra de Xaime Quintanilla, tamén posterior á Asemblea de 1922.

<sup>3</sup> Florencio Vaamonde, Manuel Lugrís e Uxío Carré Aldao tiñan daquela 62, 59 e 63 anos, respectivamente. Antón Villar Ponte tiña 41.

Tamén Cebreiro (carta de «Janeiro, MCMXXII) insitirálle neste punto: «A Nosa Terra verás que é uma coisa lamentabel.» (o.c., pax 149)

Curiosamente, a carta anterior a esta que se recolle na correspondencia manoel-antoniana é de Bernardino Varela, secretario do consello de redacción do boletín coruñés, datada en «Xaneiro de 1922», na que lle informa do acordo da Irmandade coruñesa de nomear un Consello de redacción encargado de *A Nosa Terra*, composto por Florencio Vaamonde, Euxenio Carré Aldao, Manuel Lugrís, Xohán V. Viqueira e Eladio Rodríguez, encargándose da dirección o Conselleiro 1º da Irmandade coruñesa, que xusto nese momento era Francisco M. Balboa. (o.c. páx 145-146)

Xa despois da asemblea de Monforte, o 2 de abril a Irmandade da Coruña elixiu unha xunta directiva presidida por Xohán Vicente Viqueira (polo que este sería teoricamente o director da publicación) e na que non aparece ningún dos anteriores membros do consello de redacción, entre eles os tres vellos que, segundo Villar Ponte, facían o boletín irmandiño. Como administrador del figura agora Víctor Casas.

Neses momentos Manoel-Antonio está a confeccionar o que será o «Manifesto Máis alá!»<sup>4</sup> que asinará con Cebreiro e no que tamén ten algunha intervención Antón Villar Ponte, tema do que se fala na súa correspondencia e nas cartas citadas. Ao socaire da disputa na que se debaten as Irmandades, tanto Álvaro como Antón urxen a Manoel-Antonio dende A Coruña que remate axiña o Manifesto.

Este sairá finalmente da imprensas o 28 de xuño de 1922, tal como lle di o rianxeiro a Cebreiro nunha carta datada nese día e na que lle comunica o envío de cen exemplares para espallar pola Coruña, Ferrol, Lugo e o extranxeiro. (o.c., pax 171-172)

Manoel-Antonio acodirá finalmente á Asemblea. Nunha carta sen datar, posterior á Asemblea, dirixida ao seu curmán Roxelio dálle novas da súa asistencia e das impresións:

Os días d'ó 18 ó 22 anduven por Monforte e Ourense: asistín á IV Asembleira Nazonalista que aconteceu n-a premeira d'as ditas cidades (Terra a Nosa!)

[...] Os irmáns n-a Causa, cada vez máis dinos d'a nosa Terra. As Asambleiras dando cada vez unha maior impresión d'estudo, seriedade e convicción.

En Ourense, poden ver a Esposición de Castelao (aquele álbum d'os 50 dibuxos) e aforro decir-che o xenial que é porque xa o suporás. En resume, un forte baño de galeguismo de onde saíron abertos á Terra os poucos poros atrofiados d'a miña pele. (o.c. páx 158-159)

Noutra carta sen data, (días despois da Asemblea), dirixida tamén ao seu curmán Roxelio, Manoel-Antonio dille:

Na Asambleira de Monforte acordou-se unha nova organización d'ó Partido, c'un Xefe ou Conselleiro Supremo, pra cuio cárego foi eleuto Vicente Risco. D'a nova organización, forte, uniforme e disciplinada, eu agardo un adianto y-eficacia poderosísima. (o.c. páx 158)

Pola súa banda, A. Villar Ponte en carta ao poeta rianxeiro dende A Coruña amósase crítico e pesimista coa actitude dos irmáns coruñeses e especialmente con Lois Peña Novo:

---

4. En 2000, conmemorando o centenario de Manoel-Antonio, a A.C. Eira Vella de Betanzos editou unha edición facsimilar, sobre un orixinal proporcionado por Alfonso Posse, cuñado de Cebreiro, acompañada dun estudo de X. Mª Dobarro, Xesús Torres e Ernesto Vázquez Souza.

A jarka d'eiquí, seique non entrará pol-o rego. Non quer mais que política. E o Lois sigue metido na política que da xenio. «El Noroeste» de hoxe dí que emprestou un gran servizo aos caciques co'a súa intervención na Asambleia de Deputacións provinciales. (o.c. páx 161)

E insiste con Peña Novo, concelleiro na Coruña: «O Lois, tamén fixo un discurso en castelán para saudar á Tuna de Valladolid. Unha delicia.» (o.c., páx 161). O mesmo Antón noutra carta do 17 de abril de 1922 dá novas con relación a Santiago:

«En Santiago, seique, constituiron unha delegación da I.N.G. Pro non confío moito nos composteláns.» (o.c. páx 165). E nunha postada: «Vosté segun a nova orgaización pertence á Delegación de Santiago. Pol-o mesmo, de cando en cando, debe escribirlles aguillándoos rexamente. Val.»

A carta anterior (co membrete do café coruñés «La Terraza») era compartida con Cebreiro, quen lle di a Manoel-Antonio:

Cadafalch, o presidente da República catalana, escriveu dicendo que a organización da I.N.G. e uma coisa maravillosa. No mesmo senso teñen escrito os delegados irlandeses en Madrí. (o.c. páx 165)

Nunha carta dende Asados do poeta mariñeiro a Vicente Risco, datada a 30 de abril de 1922, infórmao da súa situación militante:

Na nova orgaización, fico engadido á Delegación de Vigo, por haber formado parte d'ela derradeiramente. Pidirei axiña, por conduto de Xavier Soto, o meu carnet. Eu formaría, só, unha Delegación si ficase eiquí por longo tempo, pero como tarde ou axiña (mais ben, axiña) terei que embarcar resultaría estrano o funzonamento d'isa Delegación.

E continúa con humor irónico:

Anque non deixaría de ser suxestiva unha Delegación ambulante, que siguíse a roita d'o meu barco e cuyo boletín se pubrigase sucesivamente en New-York, Yokohama, Melbourne, Capetown, etc. Será cousa de pensal-o, ¿non sí? (o.c. páx 167)

Manoel-Antonio amósase preocupado polos avatares da nova organización nacionalista e na correspondencia cos amigos que forman parte dela non deixa de preguntarlle pola situación da súa localidade respectiva. Así, en carta a Quintanilla a Ferrol dille:

Si me escribe fále-me algo d'os incidentes a que dea lugar (porque supoño que algún habrá) a nova organización. Eu eiquí non sei nada de nada. (o.c. páx 169).

E, tamén, a Cebreiro: «Como anda a Irmandade d'a Cruña? Conta-me algo d'esa xente. Eu fico n-a Delegación de Vigo.» (o.c. páx 169)


Mais iso non quere dicir que estea a vivir en Vigo, pois esa tempada atópase na aldea rianxeira de Asados, aillado políticamente e «lonxe de todo ambiente cultural». Daí as súas ansias por coñecer a situación das diferentes delegacións da I.N.G

Noutra a Cebreiro, datada en «Rianxo-28-San Xoán-22», volve preguntarlle:

Como anda a Irmandade d'a Cruña? Eu non-os entendo, inda que dito sexa en verdade, non teño tampouco moitos elementos pra xuzgal-os. Foron a Santiago, á Mocidade, a facer propaganda en contra d'os acordos de Monforte, mais que nada d'a austención política; en troques, no derradeiro número d'«A Nosa Terra» ven un artigo manifestamente antipolítico. Iso está moito arreboado. Viqueira segue de 1º Conselleiro? (o.c. páx 172).

E a Antón Villar Ponte, noutra carta datada dous días despois, tamén o interroga sobre a situación dos nacionalistas da Coruña:

Non teño notizas de como anda a Irmandade d'a Cruña, e só por algunhas pequenas ouservacións supoño que non andan ó dereito. Á Mocidade de Vigo, mandaron unha carta invitando a que non reconecesen os acordos de Monforte. Si calquer día tivese un instante de lecer e quixera me dicir algo encol d'iles agradecería-ll'o.



*Antón Villar Ponte  
caricaturizado por Cebreiro*

Nesa rolda de acadar informacións sobre a marcha da I.N.G en distintos lugares onde o rianxeiro ten contactos, preguntarlle ao tamén poeta e mestre Victoriano Taibo, en carta do 7 de xullo:

Como ficou a Delegación de Santiago? E a que se dedican aqueles dous «apóstoles». (o.c. páx. 176).

Mais os correspondentes non dan moitas respostas a iso. A actividade dos irmandiños da I.N.G. non debía ser moi operativa nin trascendente. E, curiosamente, nas cartas a persoeiros como Castelao ou o «Moi distinto Xefe» Risco non lles preguntará nada referente á organización.

A I.N.G. celebrará na Coruña a V Asemblea nacionalista os días 17, 18 e 19 de marzo de 1923, como lle dí Antón Villar Ponte ao «Querido poeta» rianxeiro nunha carta do día 12 dese mes:


Eu de xeito particular e extraoficial –e oficialmente no caso de que o Xefe lle non houbera dito nada- préggolle que si pode, inda realizando un esforzo, non deixe de concurrir á Asambrea. (o.c. páx. 213).

A pesar diso, o mozo rianxeiro, que ven de rematar a carreira de piloto mercante, non acodirá á Asemblea como lle di na resposta a Antón días despois:

Pol-as contas a Asambrea resultou in mellorábel e os acordos oportunistas, gostou-me moito o de crear a Confederación de Traballadores Galegos, como tamén o de intensificar a propaganda en Santiago, pol-a necesidade que d'isto hai.» (o.c., páx 215).

Tamén a Cebreiro lle inquire por esas datas información, pois «Eu non puiden ir»... «Agora compre que me escribas unha carta moi longa contando todo o que tivo de intresante a Asambrea.» (o.c. páx .213).

Mais Cebreiro tardará en respostar (como é habitual na correspondencia entre eles) e cando o faga non dirá nada relativo á Asemblea coruñesa.



Copia do documento enviado pola Irmandade da Fala de Betanzos ao Concelleiro Supremo da ING, acatando as decisións da IV Asemblea á que non enviaron representación.  
(Arquivo Municipal de Betanzos, fondo Irmandades da Fala, caixa 3271).

## AS ACTAS DA ASEMBLEA

No noso traballo sobre a Irmandade de Betanzos referiamonos á existencia das actas da asemblea e como chegaron á Irmandade local:

Unha vez celebrada a Asemblea de Monforte, o propio Risco, Concelleiro Supremo, envíalle á Irmandade betanceira copia das actas da asemblea, indicando que aquela deberá enviar no prazo de quince días conformidade expresa a cada un dos acordos adoptados e en consoancia, trocar o seu nome, pois do contrario ficaría excluída da ING. En vista de que non houbo contestación dende Betanzos, Risco escríbelle a Lois Ares preguntándolle se aínda existe ou non a Irmandade local e, caso de existir, se acepta os acordos de Monforte. De atoparse xa disolta pregúntalle se hai algún irmandiño disposto a constituir unha Delegación da ING.

O 11 de Abril a Irmandade de Betanzos notificáballe ao Concelleiro Supremo da ING que aceptaba as decisións da IV Asemblea, tendo en conta que «foron acordadas pol-a maoría dos representantes das entidades nazionalistas da Terra, pois non queremos sermos causa de discordia e ademais si a nosa opinión é considerada xusta xa chegará a hora de modificar aquelas». Dase a entender que a nova estrutura organizativa, ou algúns aspectos dela, non satisfacía plenamente a todos os betanceiros, mais aceptábana como mal menor en tanto non se poidera modificar.<sup>5</sup>

As actas, como xa dixemos, están asinadas polo presidente Risco e o segredario Arturo Noguerol. Por seren un documento pouco coñecido decidimos reproducilas en facsímile nas páxinas seguintes.

5. Torres Regueiro, Xesús: «A Irmandade da Fala de Betanzos (1917-1930)», *Anuario Brigantino* 1991, nº 14, pp. 91-138.

## ACTAS DA IV ASSEMBLEA NACIONALISTA.-

## Primeira sessão.-

Na vila de Monforte de Lemos a cacaxito do mes de Fevereiro do ano de mil novecentos vinte e dous de catro e media do aman, deu comienzo a Assembleia no salon do sesios do Paço Consistorial, presidida pol-os catro membros do Directorio: irmans Banet Fontanla, Ferruco M. Balboa, Vicente Fisco e Anton Vilar. Comenzou co-a presentacion das credenciais, achantose presentes os irmans Euxenio Charlon, Ramon Vilar Ponte e Xaime Quintanilla pol-a Irmandade do Ferrol; Roberto Blanco Torres, Ferruco Lamas e Arturo Nogueroi pol-a Mocidade Galeguista d'Ourense; Manuel Lustrés Rivas pol-a Mocidade Galeguista de Vigo; Manuel Antonio, pol-a de Rianxo; Alifonso R. Castelao e Anton Louzada Diegues, de Pontevedra; Carlos Quiroga de Corcova (Republica-Argentina); Lois Pena Novo pol-a Irmandade da Cruña; Xesus Pares Fernandes, Casar Cornide e Anton Rodrigues Somosa por Monforte.

Seguidamente, o irmán Fisco reparten o Regramento e temas da Assembleia que se acompañan a cada Auta.

Procedouse á eleccion da mesa presidencial, nomeandose presidente o irmán Vicente Fisco, Vice-presidente Anton Louzada, Secretario Arturo Nogueroi e Vice-secretario Manuel Antonio. O secretario leu as adhesions recibidas, cujos orixinaes acompañan á Auta.

O presidente manifestou qu'Anton Vilar Ponte traquia a representacion de Evaristo Correa Calderon, e ill a de Enrique Peinador, propoñendo a Assembleia si terian voto estes representados. A Assembleia acordou que non-o tivesen. Seguidamente o presidente piden xuramento a todol-os irmans que non-o tivesen feito nas anteriores Assembleas, que foron: todol-os representantes da de Monforte, Ferruco Lamas, Carlos Quiroga, Alifonso Castelao, Manuel Banet Diaz e Xose Calvino, que o prestaron, postos en pé todol-os assembleistas.

O presidente declarou aberta a Assembleia e piden a todol-os delegados que leesen as propostas escritas que trouxesen en col do primeiro tema, prin

compiando Xaime Quintanilla co-as propostas da Irmandade do Ferrol e seguindo Roberto Blanco Torres co-as da Mocidade d'Ourense. N'iste instante concedéuselle licencia ó irmán Balboa pra unha cuestión incidental que logo se explicou e sintetizou na proposta seguinte: "Que habendo un regramento das Irmandades, aprobado en anteriores asembleas, pregaba a Asemblea acordase, que todas as entidades nacionalistas o acatasen." Con iste motivo diversas irmáns sañaron criterios diferentes respecto ó que se debía entender por partido nacionalista e por Irmandades da Pala, e respecto a si todas as entidades nacionalistas debían ter a mesma denominación ou respectar as denominacións actuais. Pol-a importancia da discusión acordouse dar amplitude ó debate no que interviron caseque todos os asembleístas e o presidente pra mellor enfiar a discusión suspendeu a Asemblea por cinco minutos.

Comenzou esta de novo as seis e media, e o presidente formulou a proposta do irmán Balboa nas dúas proposicións seguintes: Primeira: Que as entidades nacionalistas teñan o mesmo regramento. - Segunda: Que sirva de base pra o mesmo o regramento da Irmandade da Cruña; aprobándose a primeira por unanimidade co-a abstención de Sanet Fontenla, e desoxtándose a segunda por quinze votos contra os votos dos irmáns da Cruña.

Prá facer iste regramento puñéronse á discusión as propostas que tocantes a iste particular traquian os delegados do Ferrol e d'Ourense, comenzan do pol-a seguinte proposta da Irmandade do Ferrol: "Que as organizacións presentes e futuras, nacionalistas, constituían un só organismo que se nomeara Irmandade Nacionalista Galega, considerándose as ditas organizacións coma Delegacións da mesma." Posta a discusión aprobouse por unanimidade na intelixencia de que as delegacións conservarían a súa personalidade xurídica e a autonomía pra seu rexime interno.

Comenzouse logo a discusión sobre os fins qu'ha ter a Irmandade Nacionalista, acordándose a comenza de non facer manifestación respecto as formas de goberno, e a mesa presidencial sintetizou as diversas opinións dos asembleístas



das na seguinte proposición que foi aprobada por unanimidade: O fin da Irmandade Nacionalista Galega será a formación da conciencia nacional galega e por ende realizar os fins indicados nas asembleas celebradas e que se celebren.

Despois púxose a discusión a organización da dirección suprema d'isto organismo, tomándose por unanimidade tamén os seguintes acordos: Primeiro: A autoridade suprema estará vinculada nas asembleas que se celebren. Segundo: De asemblea en asemblea a autoridade d'ista quedará delegada n'un conselleiro supremo que se elixira en cada asemblea ordinaria, podendo ser reelixido este cargo e sendo responsable ante a asemblea. Terceiro: Este conselleiro poderá nomear conselleiros auxiliares segun o plan presentado por Anton Louzán que por separado se acompaña a Auto, entendendo que a responsabilidade da súa situación será sempre do conselleiro supremo. Cuarto: Terase cada no unha asemblea ordinaria n-o lugar que acordar a asemblea anterior.

A asemblea xuntarase extraordinariamente n-estes dous casos: Primeiro.- cando a acordo o conselleiro supremo, e segundo: Cando o pidan a maioría das delegacións.

Sendo as nove da noite o presidente suspendeu a sesión pra conti-  
nual-a as dez.

De todo o que eu segredareo don fe.-

V.B.

O Presidente

*Vicente Vico*

*Antonio Magrinal*

#### SEGUNDA SESION.-

As once da noite reunióse a sesión cos mesmos individuos que a sesión anterior e tomáronse os seguintes acordos:

A asemblea compoñase dos persoeiros das Delegacións. Cada Delegación poderá mandar a Asemblea hasta tres persoeiros con voz e voto e tera tres votos calquera que sexa o número de persoeiros que mandare.

Estos persoeiros serán elixidos en xuntanza xeral do núcleo da Delegación respectiva que poseían carnet d'identidade de nacionalistas. O Consel

lo da Delegación espallará os persoeiros electos nas correspondentes delegacións, sin as que non terá voz e voto na Asambrea. Os demais irmáns que voluntariamente concorreran a Asambrea, non terán mais que voto consultivo no caso de que a Asambrea os consultara especialmente.

A Asambrea sera presidida pol-o Conselleiro Supremo polo prazo e confor-za das credencias, e logo d'aprobar as listas o posesionados os persoeiros, polo mesmo prazo e a mesma lista e que se compoñan de Presidente e Secretario. O Presidente levará o orde das deliberacións e votacións e o Secretario levantará de cada sesión unha acta que sera firmada por todos os asistentes e custodiada no arquivo da Irmandade.

Os asuntos a tratar en cada Asambrea fixaranse n'un cuestionario que se fara circular con cada convocatoria. Somentos se poderá tratar un asunto non comprendido no cuestionario no caso de que a Asambrea a proposta de tres persoeiros, escritos e firmada por eles, acordados de conformidade que se dicente. A admisión de socios quedará a arbitrio da Delegación respectiva. Deixa que pase un ano desde ingreso, ningún irmán terá voz nin voto nin poderá desempeñar cargos directivos na Delegación respectiva. Pasado o ano o goberno da Delegación proporá a Xunta Xeral a habilitación do socio pra ter voz e voto e desempeñar cargo. Acordada pol-a Xunta Xeral dita proposta, o socio poderá solicitar do Conselleiro Supremo por conducto da Delegación a que pertenza, o carnet d'identidade e que sera preciso pra ter voto na eleción de persoeiros pra Asambrea e pra ser persoeiro da mesma e das Delegacións.

Os socios actuados das Delegacións poderán pedir pol-o mesmo conduto o Carnet d'identidade do Conselleiro Supremo. O carnet terá que visarse todos os anos pol-o Conselleiro Supremo sen outro requisito ficara nulo. O carnet custará cinco pesetas e pagaranas terán cinco pesetas pol-o visado anual.

Ningun irmán nin Delegación poderá realizarse acordos tomados, teren relacións oficiais con ningun nin emprender traballo algun sen o permiso do

do y-acredito do Conselleiro supremo.

As relacións oficiais entre Delegacións y-entre irmáns e organizacións nazonalistas ou non nazonalistas faranse sempre por intermedio do Conselleiro supremo. Como pol-a urxencia do caso se non teña tempo para solicitar do Conselleiro supremo o permiso necesario, os acordos levaranse a práctica, mais desta corixe se fará sempre conta-obriga imprescindible ao Conselleiro supremo nas causas que impoñan a comunicación ao mesmo.

Antes de que termine o presente mes o Conselleiro supremo mandará copia d'ista auto a todas as delegacións e irmáns isolados, queles enviarán a súa conformidade expreses a todos e cada un dos acordos tomados n'ista Asemblea no prazo máximo de cinco días. A Delegación ou irmán que o non faga así entendese que deixa de pertencer a Irmandade Nazonalista Galega.

Despois tratase dos medios económicos que terá o Conselleiro supremo, acordándose que os ingresos dos carnets e as suscripcións voluntarias sexan para tal fin. A Irmandade Ferrolan propón que todas as Delegacións contribúan, por gastos do Conselleiro supremo c' unha cuota mensual obrigatoria de dez por cento do líquido total que recaude en cada mes. Iste dez por cento, si farase a o Conselleiro supremo na primeira decena de cada mes. A Delegación que na data da celebración das Asembleas teña en descuberto douz meses non terá voz nin voto nas súas xuntas. Discútese y-acordase asíxese este asunto pra derradeira sesión.

Pol-a hora avanzada levantouse a sesión.

De todo o que se actuou foi fe.

V.B.

O Presidente

*Vicente Vique*

O Secretario

*Manuel Vique*

Tercera Sesión.-

As once e nove da mañá do día dezaseis de decembro comezou a sesión co-a discusión sobre as propostas da Irmandade do Ferrol respecto a orientación política do nacionalismo. Pol-a importancia do tema o Presidente consultou

opinión de todos os asambleístas que a foron expoñendo por orden dando por resultado que a opinión da Asemblea tivo os seguintes aspectos: uns de-  
claráronse partidarios do apoliticismo absoluto; outros do apoliticismo elixi-  
toral e outros da intervención política en todas as súas manifestacións, sen  
de empurarse orientación enxéque unanime que por ser un problema moi circums-  
tancial os acordos non debían ser absolutos.

Dándose isto por rematada a sesión da mañá que no seu comezo re-  
chazou unha proposta do irmán Balboa de que se non discutira isto problema.

De que en segredario deu fe.

V.B.

O Presidente

Vicente Risco

O Secretario

Antón Louzada

Coarta sesión.-

Despúxose no paso consistorial a sesión da tarde do mesmo día dazano-  
vo ao cabo seguintes co-a exposición d'opinións en col do problema político  
qu'expuxeron os irmáns que non faláran a mañá. Posta a discusión a ponencia  
ferrolana partidaria do apoliticismo, púxose lectura a unhas propostas da Ir-  
mandade da Cruña pedindo a intervención política do nacionalismo, e despois  
d'unha ampla discusión tomouse o seguinte acordo: Decerárase que a Irmandade  
Nacionalista non tomara parte activa en eleccións presentando candidatos sin  
acordo da Asemblea. Suspéndida a sesión por dez minutos deu de novo comezo  
con unhas propostas de carácter urxente firmadas por varios asambleístas  
unha pra elixir o Conselleiro supremo por teren que ausentarse algúns ir-  
máns, e outra pra fixar o sitio onde celebrárase a Quinta Asemblea da Irman-  
dade sendo elixido a proposta do Antón Louzada e por unanimidade o irmán  
Vicente Risco e acordáronse que sexa a Cruña o lugar da próxima asemblea.

A proposta das Irmandades de Ferrol e de Ourense aprobouse a seguinte  
proposición: que ningún irmán poida tomar parte nas eleccións nin como can-  
didato nin axudando a candidatos nin como candidato algunha sen autorización  
do Xefe ou da Asemblea.

Seguidamente e por proposta de Castela, Louzada Diegues e Blanco Torre aprobouse a seguinte: Todo nacionalista estara na obriga de votar sempre a un nacionalista e no caso d'unhas eleccións xeneraes nas que non interviramos directamente os votos en todos os distritos serán p<sup>o</sup> xefe.

No degrassiro puxose a discusión a seguinte proposta da Irmandade de Cruña: A Irmandade Nacionalista poderá coeter intelixencias oficiais co-as demais organizacións políticas de Galiza pra resolución daqueles problemas e propaganda d'aquelas ideas en que coincidan. Despois d'unha ampla discusión foi aprobada por un voto de maioría. Dando con isto remate a sesión sendo as nove e media da noite.

O secretario fai constar que despois da unha d'ista noite non se celebrou sesión por daren unhas conferencias de afirmación nacionalista varios agambroistas na Sociedade do Casino. Tamén fai constar que na mañá do día vinte non se celebrou sesión.

De que eu secretario dou fe.

V.B.  
O Presidente

*Vicente Vique*

O secretario

*Ramon Vilar Ponte*

QUINTA SESIÓN.-

Comenzou as catro e media do serán do día 20 co-a asistencia de todos os que figuraban nas sesións anteriores, agás os irmáns Balboa, Castela, Louzada Diegues, Blanco Torres, Quiróga, Otero Pedrayo, Anton Sanchez, Montes e Villot. Asistiu o irmán Enrique Peinador. O secretario dou lectura a acta, que se aprobou. A proposta de Quintanilla acordouse que nas futuras agambroías os Conselleiros estexan en lugar arredado dos outros agambroistas.

A proposta do presidente pofense a discusión os temas en col da propaganda. A Irmandade do Ferrol, propón que todas as sesións editen un Boletín mensual coma xa o ven facendo a entidade poficiente de propaganda nacionalista. Engadose a isto que tal Boletín ~~debe de ser~~ <sup>debe de ser</sup> obrigatorio pra todas as sesións. Con tal motivo Ramon Vilar Ponte pregunta cantos son necesarios pra constituir delegación. Contestalle o presidente decindo que a publicación do Boletín debe ser obrigatoria pra todas as delegacións que hai en Galicia.

8  
 ni en adiante poderan formarse delegacións de irmáns que queiran pois pra  
 batullas abondara e un sóo individuo que teña vontade de sel-o. Iste  
 irmáns que formaron delegación atopábase obrigados a cumprir as obr  
 as das delegacións. Os irmáns incluídos que se non atopan con forza pra cum  
 prir con tales obrigas constituiranse en delegación da Delegación máis pro  
 xima; ou sexa en subdelegacións. Ista subdelegacións estarán obrigadas a se  
 guiren ao regramento da delegación respectiva.

O irmán Neguerol propón y-alai e'acorda qu'as cabezas de todo-os bole  
 la teñan un sóo e unsoo formato. Presentase unha proposta firmada pol-os  
 irmáns Anton Villar Ponte Manuel Antonio e Farcoso Lamas que di: que se de  
 care a incompatibilidade da filiación nacionalista con calquera outra fi  
 liación política. O irmán Peña Novo fala en contra d'ela estimando que o que  
 aboga decrare e a incompatibilidade coas disciplinas. Despois de aurbia dis  
 cusion procedese a votara si a proposta ficara como foi feita ou si ficara  
 coa modificación proposta pol-o irmán Peña Novo. No primeiro senso votan 12  
 galeguistas. No segundo, 6. Fica pol'aprobado que a filiación nacionalista e  
 incompatible con calquera outra filiación política.

A proposta de Peña Novo aprobábase que os nacionalistas poden pertenceren  
 redacción de calquer periódico, e que ningún nacionalista podera publicar  
 artigos de colaboración gratuita que non sexan en galego, sempre que tales  
 artigos publiquense en Galiza ou en periódicos de empresas galegas.

Discutese en col da propaganda e acordábase as seguintes conclusións:

1.-Propaganda entre os crecos, pra o que pedirábase os listas de suscritores  
 lectores dos Boletins oficiais das diocesis galegas. 2.-Propaganda nos co  
 rreos que estivesen o Conselleiro supremo. 3.-Propaganda no adro: Pra ela co  
 a máis axitada oración d'Escolas provinciais, gratuitas de recreación de  
 sociedades agrarias. 4.-Editare o plan pedagoxico do Bispo. 5.-Facere un ca  
 nonismo en galego respecto a cousas galegas. 6.-Facere a historia de nos

Nacionalismo.-7.-Axuda obrigatoria en todos os traballos de propaganda. 9  
Traballare polo-a creacion da Escola d'Arquitectura.10.-Propaganda na Uni-  
versidade, co auxilio de galeguizad.11.-Traballare pra edicion de cateoia  
no catolico en galego.12.-Acordase traballare pra conseguirmos a reforma  
de regramento notarial.Tamen acordase traballare en prol de qu'os notarios  
e demais funcionarios galegos -funcionarios xudiciais- teñan a obriga de  
conoceren o noso idioma.13.-Sostermos relacións cos prelados galegos e tra-  
balleremos pra que cheguen un dia en que sexan da Terra todos os prelados  
das nosas diocesis.14.-Tamen se acordó empregare a publicá dos granxeos coma  
meio de propaganda.

E polo-a derradeiro tratase da cuestion economica no que refirose a os me-  
diodos que dispóra o Conselloiro Supremo e ademais dos acordos xa tomados  
tomamos os seguintes:1.-Que as delegacions paguen a Conselloiro e 10% dos  
seus ingresos totais.Isto pago debere facerse na primeira decena de cada  
mes e con arreglo a cotizacion de mes de anterior.As delegacions que na da-  
ta das Asambleas non teñan ~~seus ingresos~~ seus pagos a cu-  
berto e no caso de deberen seus meses non teran dereito a mandaren percipi-  
ros as ditas Asambleas.2.-Que os irmans isolados den un peso e mes por  
cotas de Conselloiro sempre que non pertenczan a unha subdelegacion en  
cuyo caso pagaran con arreglo a cuota da delegacion a que pertenczan.3.-  
Cada voto pagara un peso nas Asambleas, como dereito de iniciacion.

Acordase que "A NOSA TERRA"convirtase no orgo oficial da Irmandade Nacio-  
nalista Galega sendo obrigatorie de todos os irmans e delegacions e soste-  
mento da dita publicacion.O director de "A NOSA TERRA"sera nomeado polo-  
Conselloiro Supremo que pode arreducilo de tal carrega cando lle pareza oportu-  
tuno.O unco responsable da sustentacion e direccion de "A NOSA TERRA"ante  
as Asambleas sera o Conselloiro Supremo.

Tamen se acordó que o Conselloiro Supremo leva o rexistro oficial de

10  
todol-os nazenallistas galegos do mundo, con toda oras de datos. As delegaci-  
es contribuíren a formansa a' isto rexistro.

Acordase que se faga un Concurso pra o Hino da "Irmãndade Nazena-  
lista Galega"

E nen habende mais de que tratare levantezas a sesión, e souse  
por terminada a Axambrois.

Da todo e que eu segreñaras ísu fe.

V.B.

O Presidente.

*Vicente Vique*

O Secretario

*Xesús Torres Regueiro*